

17 de maio de 2025



feira de artesanía

condicións de participación



Concello de
CULLEREDO

condicións de participación

Responsabilidade

1 A Feira de Artesanía está organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Culleredo.

2 Ademais das condicións que se recollen neste documento, a organización pode, no uso das súas competencias, adoptar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento da actividade.

3 A participación na Feira de Artesanía é voluntaria.

4 As persoas participantes comprométense a acatar estas condicións e todas aquelas que estableza a organización durante o proceso e, de non ser así, poderán quedar excluídas do mesmo.

5 A organización non participará nin se responsabilizará nin asumirá como propia ningunha circunstancia distinta ás que se establecen nestas condicións e que persoas alleas á organización dispoñan en paralelo ao desenvolvemento da actividade.

A Feira de Artesanía

6 A Feira de Artesanía terá lugar o 17 de maio de 2025 na praza de Europa do Burgo en horario de 11:00 a 20:00 horas.

condicións de participación

7 Poderán concorrer á mesma as persoas interesadas que teñan preferentemente unha produción artesanal e de elaboración propia.

8 Non se aceptará revenda de produtos nin produtos alimentarios.

9 A organización ofrece 40 espazos de 3 x 3 metros para colocar os postos na propia praza Europa. Dependendo do número de solicitudes que se presenten, poderá habilitarse tamén a pista polideportiva para ampliar o número de espazos. Aqueles postos que excedan as medidas mencionadas (ben por si mesmos ben polo resultado da unión de varios postos) unicamente poderán ocupar espazo na pista polideportiva.

10 De non alcanzar un número mínimo de participantes, a celebración do evento pode ser suspendida.

Solicitud de espazo

11 A solicitud de espazo para participar na Feira de Artesanía farase preferentemente a través de formulario. Adicionalmente, aceptaranse solicitudes a través do trámite Instancia Xeral da sede electrónica do Concello de Culleredo respectando o prazo de apertura do formulario que se estipula no punto 12 e engadindo a información e documentación que se solicita no punto 13.

condicións de participación

12 O formulario de solicitude de praza permanecerá aberto do 24 de abril ás 09:00 horas ata o 30 de abril ás 14:00 horas. Para acceder ao formulario é necesario ter unha conta Google/Gmail.

No formulario haberá que incluír a seguinte información (os datos marcados con * son obrigatorios):

- 13**
- Correo electrónico de contacto*
 - Nome e apelidos da persoa responsable*
 - Teléfono de contacto*
 - Nome do posto*
 - Descrición dos produtos*
 - Descrición e dimensión do posto*
 - Web ou redes sociais
 - Dossier explicativo que inclúa un mínimo de 3 imaxes dos produtos que a persoa solicitante vaia ofrecer na Feira*

A organización poderá decidir facer selección das solicitudes que se presenten e, de facerse, poderán terse en conta os seguintes criterios:

- 14**
- a. O cumprimento das condicións que se establecen.
 - b. A calidade, interese, variedade e adecuación dos produtos, valoradas a partir da información e imaxes que se acheguen co formulario.
 - c. A concorrencia de solicitudes con produtos similares.
 - d. Que as participantes teñan sede social ou estean empadroadas en Culleredo.

condicións de participación

- 15** A lista coas solicitudes admitidas será comunicada por correo electrónico o día 2 de maio ás persoas participantes. De ser o caso, haberá tamén lista de agarda.

O día da Feira

- 16** O día 17 de maio, ás 08:30 horas, a organización recibirá aos participantes, fará entrega das acreditacións e designará o espazo a ocupar por cada posto a través dunha asignación aleatoria.

- 17** Queda prohibida a ocupación de espazo antes das 08:30 horas. Non se entregarán acreditacións de persoas non presentes nin se reservará espazo para elas.

- 18** As persoas participantes poden montar os postos a partir das 09:00 horas. A montaxe ten que estar acabada na hora da apertura ao público da feira (11:00 horas).

- Para a montaxe dos postos, as persoas participantes poderán traer e colocar os elementos que precisen e que cumpran coas seguintes consideracións:
- 19**
- a. O conxunto da montaxe (mesa e elementos exentos) non pode exceder os 3 metros de lonxitude
 - b. A acreditación ten que estar en todo momento nun lugar visible do posto.

condicións de participación

19

c. Non está permitida a instalación e uso de aparatos de música nin calquera outro elemento de reclamo que poida molestar ou afectar negativamente a outros postos da feira.

d. Non está permitida a colocación de carteis, pancartas ou similares con contido alleo á propia feira.

e. Non hai toma de electricidade.

f. Non hai alternativa cuberta no caso de choiva.

20

Se a organización considera que os produtos que se expoñen non se axustan á información que as persoas participantes presentaron previamente e/ou pertencen a algún dos produtos non aceptados que se recollen no punto 8 destas condicións, pode solicitar a súa retirada.

21

As persoas participantes deben respectar e coidar o espazo e cumprir rigorosamente cos horarios que se establecen.

Datos persoais e privacidade

22

Os datos persoais que comuniquen as persoas participantes trátanse de acordo coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e utilizaranse unicamente para o evento Feira de artesanía 2025.

condicións de participación

23

Se non expresan o contrario, as persoas participantes consenten que a organización ou persoa autorizada filme ou fotografe os postos e o seu contido e utilice as imaxes na difusión e promoción que se faga do evento en redes sociais, páxina web e medio de comunicación.

